

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 16 de febreiro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

18.26404.- MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PLANS DE MOBILIDADE SOSTIBLE

Primeiro.- A Xunta de Goberno, con data 10 de novembro de 2017, aprobou as “*Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para os Plans de Mobilidade Sustentable*”.

Segundo.- As bases contemplaban como obxecto da axuda a seguinte liña de subvención:

- Concellos ou agrupacións de Concellos de menos de 6.000 habitantes: 9.000 €.
- Concellos ou agrupacións de Concellos de entre 6.000 e 12.000 habitantes: 15.000€.
- Concellos ou agrupacións de Concellos de máis de 12.000 habitantes: 20.000 €.
- Agrupacións de Concellos de máis de 30.000 habitantes: 40.000 €.

Terceiro.- A base terceira establecía como importe total do financiamento ata un máximo do 75% do valor de redacción dos Plans de Mobilidade que se realicen e que cumpran as características indicadas no Anexo I.

Esta liña de subvencións sería sufragada na súa totalidade pola Deputación de Pontevedra. A liña de subvención relativa aos Plans de Mobilidade, estará dotada de 300.000 € e financiarase con cargo á aplicación 17/456-9420-762.10, non obstante, a aprobación destas bases así como a existencia de crédito deben quedar condicionadas a aprobación do expediente de modificación de crédito que se está a tramitar polo Pleno da Corporación.

Cuarto.- Asemade, as bases determinaban un prazo de presentación de solicitudes por parte dos Concellos cunha serie de requisitos determinados.

Quinto.- Finalizado o prazo de presentación, as solicitudes presentadas, un total de 42, pasan a seren valoradas na fase de instrución do procedemento, dando lugar a que todas deben ser admitidas superando, polo tanto, as expectativas iniciais.

Sexto.- Tendo en conta que a base terceira contempla unha dotación de 300.000,00 € para financiar a liña de subvención aprobada e que esta cantidade resulta insuficiente para facer fronte a todas as solicitudes, proponse a ampliación da cantidade inicial ata un máximo de 600.000,00 €. Para esta finalidade terase que suplementar a aplicación existente 18/456.9420.762.10, cun importe de 300.000,00 € e que está previsto se leve a efecto no próximo expediente de suplemento de crédito.

Sétimo.- A tramitación do expediente, ao abeiro do establecido nas bases, determina que a concesión da cantidade asignada a cada concello non se fará efectiva ata a xustificación, unha vez aprobada polo correspondente Acordo da Xunta de Goberno. Tramitarase, por tanto, paralelamente a esta proposta de modificación das bases, o expediente de suplemento de crédito correspondente, quedando condicionada a súa aprobación polo Pleno.

Oitavo.- O expediente conta co informe de Intervención de data 13 de febreiro de 2018.

Por todo o exposto, e vistas as observacións e recomendacións do informe de Intervención, e sendo a Xunta de Goberno o órgano competente para aprobar a modificación proposta, en aplicación das bases aprobadas para a execución do orzamento, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a modificación da base terceira das “*Bases Reguladoras para a convocatoria de subvencións para os Plans de Mobilidade Sustentable,*” ampliando a cantidade inicialmente establecida, e consignando o importe total de 600.000,00 €, quedando, por tanto a redacción da mesma do seguinte tenor literal:

*“Terceira. Financiamento:*

*Esta liña de subvencións será sufragada na súa totalidade pola Deputación de Pontevedra. A liña de subvención relativa aos Plans de Mobilidade, estará dotada de 600.000 € e financiarase con cargo á aplicación 17/456-9420-762.10 (300.000,00 €) e 18/456-9420-762.10 (300.000,00 €) non obstante, a súa aprobación e modificación deben quedar condicionadas a aprobación do expediente de suplemento de crédito que se está a tramitar polo Pleno da Corporación.”*

Segundo.- Proceder á súa publicación, de conformidade co establecido na normativa vixente, e dar un praza de 10 días para a presentación de solicitudes, ou subsanacións que se estimen, ó abeiro do establecido nas bases da convocatoria.

Terceiro.- Eliminar, ó abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, o punto “B” da base undécima.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 19 de febreiro de 2018

O Secretario,

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.